

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN CLUSTER DE AUTOMOCIÓN Y MOVILIDAD DE GALICIA, CEAGA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE CUALIFICACIÓN E RECUALIFICACIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA EN SECTORES ESTRATÉXICOS E MELLORA DAS CAPACIDADES PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73, do 14 de abril), no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia (DOG núm. 23, do 21 de marzo).

Doutra parte, a Fundación Clúster de Automoción y Movilidad de Galicia, Ceaga, e no seu nome e representación Alberto de Cominges Barreiro - Meiro, con NIF 36115310C, en calidade de xerente da mesma e con poderes suficientes para este acto en virtude do poder outorgado o día 26 de febreiro de 2007, con NIF G36983575 e enderezo na avenida Citroën, 3 e 5, Edificio Zona Franca, 1ª planta, 36210 Vigo, Pontevedra.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro. Que o 16 de decembro de 2024 subscribiron un convenio que recolle as condicións polas que se rexerá a colaboración entre Ceaga e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a realización de accións formativas, de carácter non formal, de cualificación e recualificación da poboación activa no sector da construción naval que se axusten ás necesidades máis inmediatas de formación do capital humano das empresas do ramo, e que permita a actualización das competencias profesionais ou a adquisición doutras novas no marco sectorial e empresarial do sector e que, con carácter orientativo, están recollidas no Anexo I do convenio e teñen vinculación co Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.



Segundo. Que no apartado 1 da cláusula terceira do convenio establécese que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará a cantidade total de trescentos sesenta mil catrocentos dous euros (360.402 €) con cargo á aplicación orzamentaria 44.03.323B.481.1 (código de proxecto 2022 00172) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do obxecto do convenio e no marco do *"Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU"*, distribuída nas seguintes anualidades:

Anualidade	Orzamento
2024	140.004 €
2025	220.398 €

Terceiro. Que o obxecto desta addenda é modificar a distribución por anualidades establecida na cláusula terceira, coa finalidade de permitir a execución durante o ano 2025 do crédito non utilizado ata o 30 de novembro de 2024.

Tendo en conta o importe xustificado por Ceaga ata esa data, a distribución por anualidades queda do seguinte xeito:

Anualidade	Orzamento
2024	95.557,00€
2025	264.845,00 €

E, en proba de conformidade cos termos da addenda, as partes asinan o exemplar no lugar e data indicados na cabeceira.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

José González Vázquez

O xerente de CEAGA

Alberto de Cominges Barreiro - Meiro

